

XAC835

FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
ESPAÑA

FACULTADE DE CIENCIAS POLITICAS E SOCIAIS

CONVOCATORIA DE CAMBIO DE GRUPO

“GRAO EN CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACIÓN”

CURSO ACADÉMICO 2011-2011

A resolución de 15 de xuño de 2011, pola que se publica a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno da USC o 15 de xuño de 2011, establece que entrementes o Consello de Goberno non aprobe unha normativa xeral sobre cambios de grupo, os Centros establecerán os criterios tanto para asignación como para o cambio de grupo.

De acordo co exposto anteriormente publícase esta convocatoria de cambio de grupo dirixida aos estudantes de 1º curso do Grao en Ciencia Política e da Administración, matriculados no presente curso académico.

1.- Dos grupos.

Os alumnos están adscritos inicialmente ao grupo de mañán ou de tarde en función da inicial do primeiro apelido do xeito seguinte:

Grupo de mañán: (A-L)

Grupo de tarde: (M-Z).

2.- Cambio de quenda.

O cambio de quenda está previsto para todas as materias do primeiro curso das que se matricule o alumno/a.

No caso de que a un/unha alumno/a se lle conceda o cambio de quenda e, posteriormente, procedese a realizar unha ampliación ou modificación de matrícula, deberá tamén solicitar o cambio para as materias modificadas ou ampliadas.

3.- Prazos e solicitudes.

a) Prazos de solicitude:

- Primeiro prazo: do 19 ao 30 de setembro de 2011.
- Segundo prazo: do 18 ao 28 de outubro de 2011 (para os/as alumnos/as que se matriculen despois do 26 de setembro de 2011)

- **Modificación ou ampliación de matrícula:** ata 10 días dende a data de modificación ou ampliación da matrícula.

b) Os/as alumnos/as interesados/as en solicitar o cambio de grupo deberán efectuar a súa solicitude utilizando o modelo oficial de instancia dispoñible na Conserxería do Centro, acompañada da documentación que acredite a situación extraordinaria (laboral, física, de transporte) que lles impidan asistir ás clases no grupo que lle corresponde por apelido.

Serán criterios preferentes para asignación ou cambio de grupo a posibilidade de conciliar a formación con actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares para os alumnos a tempo parcial e especificamente os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Para a resolución das solicitudes terase en conta exclusivamente a documentación presentada. A falta desta documentación implicará a non aceptación a trámite da solicitude realizada.


4.- Alumnos/as de intercambio (Erasmus, Sicue, outros convenios)


Os/as alumnos/as que cursen estudos neste Centro ao amparo de convenios de intercambio ou bilaterais, poderán elixir o grupo que desexen en cada unha das materias das que se matriculen. A solicitude deberana facer na Secretaría do Centro.

5.- Resolución e efectos

- a) A resolución das solicitudes será publicada no taboleiro de anuncios da Facultade e na páxina web do Centro.
- b) Publicaranse dúas resolucións independentes: unha para o primeiro prazo e outra para o segundo. Estas resolucións publicaranse nun prazo non superior a 7 días contados dende a data de finalización dos prazos de solicitude.
- c) Todos os cambios de grupo concedidos na presente convocatoria serán irrenunciabes.
- d) A Resolución da Decana sobre concesión e denegación de solicitudes de cambio poderá recorrerse en alzada perante o Reitor no prazo dun mes dende que se ditou o acto. Será de aplicación a normativa académica e maila Lei 30/1992 das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago, 16 de setembro de 2017

A DECANA,

Nieves Lagares Diez



SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTION ACADEMICA
SR. DIRECTOR DA O.I.U.
SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADEMICA DO CAMPUS SUR
TABOLEIRO DA FACULTADE.